

PLAN DIXITAL

CEIP Arquitecto Casas Novoa

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4.Avaliación do PD

- 4.1.Seguimento do Plan de Acción
- 4.2.Propostas de mellora (revisión)

5.Difusión do PD

1.Introdución

1.1.Datos básicos do centro

O CEIP Arquitecto Casas Novoa é un colexio de Infantil e Primaria que se atopa na parroquia de A Sionlla, no concello de Santiago de Compostela, na dirección Rúa A Sionlla de Abaixo, N°10, 15884. Conta con tres unidades de Educación Infantil, na que están escolarizados/as 53 nenos e nenas e seis unidades de Educación Primaria, nas que se escolarizan 121 nenos e nenas. Este alumnado está atendido por un claustro formado por 19 profesores/as, dos cales 4 son itinerantes (orientadora, AL, as dúas mestras de relixión e unha mestra de EF.

O centro conta con horario de xornada partida, de 10:00-13:20h e de 15:20-17:00h. Se ben, no mes de setembro e xullo este cambia, establecéndose unicamente unha xornada continua de mañá, de 9:30 a 14.00h.

Conta cos servizos complementarios de madrugadores, comedor e transporte, así como actividades complementarias.

Os datos de contacto do centro son:

- Teléfono de contacto 881 86 69 75
- Email ceip.casas.novoa@edu.xunta.gal
- Páxina web que se atopa na seguinte dirección:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasantosnovoa/>.

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

O CEIP Arquitecto Casas Novoa está situado no Concello de Santiago mais é importante sinalar que se atopa a 8 km do mesmo, nunha zona rural. Así, a poboación atópase espallada en aldeas e ten como núcleos xeográficos e vivenciais diversas parroquias, das cales procede o alumnado como son: Santa Mª de Grixoa, Santa Mª de Verdía, San Pedro de Busto, Santa Cristina de Nemenzo, San Vicente de Marantes, San Andrés de Barciela, Santa Mª de Cesar, San Cristovo de Enfesta e San Caetano.

A poboación da Sionlla vivía ata non hai moito, fundamentalmente do campo; sen embargo, na actualidade a maioría da poboación activa traballa nos sectores servizos e industrial, atopándose nunha zona unha das madeireiras españolas máis importantes: FINSA, así como próximo a ela, probablemente a maior zona de expansión industrial do Concello, os polígonos do Tambre e da Sionlla; ficando así a actividade agrícola e gandeira como base de xa moi poucas economías da zona.

En canto á lingua, maioritariamente emprégase o galego no contorno familiar, aínda que unha pequena parte do alumnado, sobre todo procedente das zonas máis urbanas, é castelán falante. Tamén é o galego a lingua habitualmente empregada pola comunidade en xeral nos distintos ámbitos sociais, polas distintas entidades asociativas e culturais e por parte do Concello.

O presente PD insírese dentro das dinámicas de traballo reflectidas no PEC, e polo tanto dentro da dinámica diaria de aula. O PEC do CEIP da Sionlla, recolle a importancia do traballo coas TIC para acadar unha axeitada competencia dixital do noso alumnado, e para acceder ás fontes de información e recursos multimedia que contribúen a mellora de todas as competencias. O PDC será un paso máis para trazar unha folla de ruta máis planificada e organizada de cara a acadar uns obxectivos globais que impliquen á totalidade da comunidade educativa, priorizando e facendo unha distribución temporal de todas as accións que sexan precisas.

Sempre dentro do marco do PEC, implementaranse os mecanismos axeitados para corrixir e adaptar tempos e procedementos no plan de acción deseñado nun inicio.

O PDC vai estar ligado aos demais proxectos que se veñen desenvolvendo no centro, compartindo obxectivos e dinámicas de traballo:

- Co PLAMBE en todo o relacionado coa dixitalización e contidos audiovisuais. Favorecendo a busca de recursos e contidos en formato dixital que contribúan a unha axeitada implementación segura da tecnoloxía.
- Co EDLG contribuíndo a fomentar o emprego de recursos en galego e mesmo na tradución e dobraxe de contidos educativos dos que agora mesmo temos unha gran falta. Partimos da evidencia de que a lingua galega só poderá sobrevivir se somos quen de introducila de xeito decidido no mundo da tecnoloxía.
- Co Plan de Convivencia, xa que non é posible traballar a convivencia nos nosos centros sen adicar un tempo e un espazo a fomentar no noso alumnado o respecto ao traballo dos demais, intimidade, identidade, privacidade e liberdade individual.

O PDC estará encadrado dentro da PXA do curso 2022/2023. Con ela deberá compartir os obxectivos xerais e as liñas de traballo dos diferentes equipos de ciclo e departamentos didácticos e servirá de referencia á hora de programar as actividades e proxectos que se definan dende o inicio de curso.

Na mesma liña debe formar parte do proceso de desenvolvemento profesional continuo do profesorado, xa que a súa correcta posta en práctica vai precisar dun proxecto de formación do profesorado que deberá ser tamén marco de traballo individual e do conxunto do claustro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, regula diferentes apartados relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. Así o artigo 121 establece que o Proxecto Educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros, promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula, como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado, e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei, establece como competencias dos directores/as, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil e primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022, sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

1.4. Proceso de elaboración.

O proceso de elaboración do presente PDC encádrase na Resolución de 3 de setembro de 2021 na que se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Con tal obxecto e, sempre dentro do marco das instrucións recibidas da Administración educativa, no mes de setembro solicitouse ao CAFI a realización dun PFPP sobre a Elaboración do Plan Dixital. Constituíuse un equipo e nomeouse unha persoa encargada da súa coordinación.

Coa creación da Rede Galega de Educación Dixital no mes de novembro e o posterior proceso de mentorización dos centros de Galicia iniciouse, agora sí, o procedemento que nos acabaría levando a este documento.

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital pretende con dito plan:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso da innovación e das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o PD como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

A análise inicial levada a cabo realizouse tendo en conta os seguintes aspectos:

- Análise da competencia dixital de centro (alumnado, profesorado e membros do equipo directivo) a través das ferramentas SELFIE e TCDD, así como a elaboración do DAFO cos datos recollidos.
- Análise dos recursos do alumnado.
- Análise da infraestrutura, recursos e estado do centro.
- Análise da situación actual.

Unha vez recollidos todos os datos,

2. Situación de partida

O proceso de elaboración do presente PDC encádrase na Resolución de 3 de setembro de 2021, na que se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021/2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos. Con tal obxecto e, sempre dentro do marco das instrucións recibidas da Administración Educativa, no mes de setembro solicitouse ao CAFI a realización dun PFPP sobre a elaboración do Plan Dixital. Constituíuse un equipo e nomeouse unha persoa encargada da súa coordinación. Os primeiros pasos deste equipo, foron de busca e catalogación da información que ata ese momento había.

Coa creación da Rede Galega de Educación Dixital no mes de novembro, e o posterior proceso de mentorización dos centros de Galicia, iniciouse o procedemento que nos acabaría levando a este documento.

Realizouse unha diagnose para coñecer o estado do proceso de implementación da tecnoloxía no noso centro, para establecer o punto de partida fiable e acadable. Esta diagnose baseouse en dúas ferramentas:

1. O SELFIE: ferramenta elaborada pola Comisión Europea, que ten como obxectivo achegarse á realidade partindo das opinións de toda a comunidade educativa, equipos directivos, profesorado e alumnado maior de 9 anos. O nivel de participación neste test no CEIP da Sionlla, foi satisfactoria, polo que consideramos que os datos reflexan unha imaxe axustada á realidade.
2. O Test de CDD, para coñecer o nivel de competencia dixital do profesorado do centro. Esta enquisa nun primeiro momento non foi do agrado da gran maioría do profesorado, xa que se considerou pouco adaptada á realidade do noso entorno de traballo, e ás etapas (infantil e primaria). Malia a esas reticencias puidemos constatar que os seus resultados nos deron unha información relevante útil para deseñar un plan de acción que consideramos axeitado.

A seguinte fase da diagnose, consistiu nunha análise DAFO na que se detectaron as debilidades e ameazas para tratar de corrixilas coas fortalezas e oportunidades, ao mesmo tempo que se propón manter aqueles aspectos positivos para a partir de aí, elaborar unha estratexia. A realización da análise DAFO, foi un proceso de debate.

Rematada a fase de diagnose, propuxéronse as accións a desenvolver para corrixir as debilidades e contrarrestar ameazas. Esas accións virían despois de formular os obxectivos que queríamos acadar.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Arquitecto Casas Novoa dispón dentro das súas instalacións, de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

O centro conta cunha infraestrutura dixital que se foi actualizando ao longo dos anos con aportacións da Consellería de Educación e outras iniciativas financiadas polo propio centro.

O resultado de todos estes procesos é que todas as aulas do centro contan con cableado de datos. Están tamén cableadas as dependencias administrativas, a sala de mestres, departamento de orientación, biblioteca, conserxería e titorías. A velocidade da conexión é axeitada para o traballo diario co alumnado.

No centro funciona a wifi e a rede ed.xunta cunha velocidade habitualmente axeitada.

No CEIP Arquitecto Casas Novoa, funcionan neste momento 9 aulas ordinarias (3 de e. Infantil e 6 de e. primaria) dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción. Están tamén dixitalizadas nas mesmas condicións a aula de música e as aulas de audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Todas aulas dixitalizadas contan con dispositivos.

Para a xestión administrativa do centro funcionan agora mesmo catro postos repartidos entre xefatura de Estudos, Secretaría, conserxería, Dirección e Departamento de orientación. Ningún conta coa maqueta Abalar.

Na biblioteca escolar funciona un só equipo informático para a xestión e catalogación, e cinco postos para o seu uso por parte do alumnado. Así mesmo, dispónse de 5 tabletas adquiridas co presuposto do PLAMBE.

Non contamos con carro de carga e ultraportátiles para o alumnado.

O centro conta cunha aula de informática con 17 postos con toma de rede por cable.

O ceip da Sionlla participa no proxecto websdinámicas desde a súa posta en funcionamento. Emprégase a web como un espazo de cooperación e comunicación coa comunidade educativa con usuarios dados de alta para todo o profesorado do centro e xestionada desde o Equipo TIC. A aula virtual corporativa ten matriculada á totalidade do alumnado e é empregada por unha pequena parte do profesorado, non é de uso habitual. É un obxectivo do presente PDC extender o seu uso á totalidade do alumnado e profesorado.

A xestión e o mantemento do equipamento dixital do centro faise a través do Equipo Tic quen se encarga de contactar coa empresa ELINFO para problemas técnicos. No resto do equipamento é o propio equipo o que se encarga do xestionar oo equipamento, que é casi totalidade do que hai no colexio.

2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Recóllense na seguinte táboa a información do resumo das áreas do informe SELFIE da etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	2.4
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1.8
	Profesorado	1.9
	Alumnado	2.1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	2.2
	Alumnado	2.5
	Equipo Direct.	2.4

D- Desenvolvemento profesional continuo	Profesorado	2.3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.8
	Alumnado	2.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.2
	Profesorado	2.2
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	2.2
	Alumnado	2.3

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	14	57,1%
PROVISIONAL	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	3	33,3%

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
51	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	54,6	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	54,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	10%
A2	6	60%
B1	3	30%
TOTAL	10	100

2.3.Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital, e facilita deste xeito a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. No centro hai algúns dispositivos dixitais para o ensino.	C10. No centro non hai dispositivos para o uso por parte do alumnado.
	PERSOAL DOCENTE	B2. Hai un debate sobre o uso da tecnoloxía. E1. O profesorado busca e emprega recursos educativos en liña. E4. A comunicación coa comunidade educativa faise empregando a tecnoloxía. F1. O profesorado percibe que se empregan as tecnoloxías para adaptarse ás necesidades do alumnado. F3. Emprégase a tecnoloxía para fomentar a creatividade do alumnado.	D3. O profesorado non se sente apoiado á hora de intercambiar experiencias dentro do centro. E3. Hai un nivel baixo de emprego de entornos virtuais de aprendizaxe. F5. Realízanse poucas actividades que fomenten a colaboración entre o alumnado. G1. Emprégase pouco a tecnoloxía para avaliar as capacidades do alumnado. G5. Non se empregan as tecnoloxías para facer unha reflexión sobre o propio traballo docente. G6. Non se empregan as tecnoloxías para fomentar os comentarios entre iguais sobre os traballos.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		

		O alumnado amosa interese no uso das tecnoloxías para a súa aprendizaxe.	H8. O alumnado non aprende a comunicarse empregando a tecnoloxía. H11. O alumnado demanda aprendizaxe en programación e codificación. H13. O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A1. O centro non posúe unha estratexia dixital. B1. Non se avalían os progresos con tecnoloxías dixitais. B4. Non se empregan as tecnoloxías dixitais para colaborar con outros centros. C16. No centro non hai repositorios de contidos dixitais en liña.

		EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		A posibilidade de que a Administración dote ao centro de material tecnolóxico para empregar na aula.	
	PERSOAL DOCENTE			A4. O profesorado non ten tempo para explorar recursos tecnolóxicos. As diferentes modalidades de formación ofertadas pola administración non se adaptan ás necesidades do profesorado. Baixa competencia dixital de gran parte do profesorado.
	ALUMNADO			Baixa competencia dixital do alumnado.

	FAMILIAS		Baixa competencia dixital das familias.
	O CENTRO	A propia elaboración do Plan Dixital é unha oportunidade de mellora.	O horario do centro dificulta a coordinación e a formación do profesorado para empregar a tecnoloxía, pois moitos cursos de formación comezan cando o profesorado está en horario lectivo de tarde.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira.

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo, estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, ao análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, conexión, plataformas e servizos dixitais e mantemento necesario, entre outros) e ao análise realizado dos recursos dispoñibles do alumnado.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo deste mapa integral diagnóstico, fixéronse os obxectivos neste plan, que serán revisados anualmente e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

Para poder traballar cada un dos obxectivos, mostrase en dúas táboas, a información que recollen os seguintes aspectos:

1. Área de mellora.
2. Obxectivo.
3. Indicadores do obxectivo.
4. Valor de partida.
5. Valor previsto e data.
6. Accións a desenvolver: descrición, responsables, data prevista de fin, recursos necesarios.
7. Seguimento da acción: valoración e estado (realizada, aprazada ou pendente).

As áreas nas que nos centramos para determinar os obxectivos (que deben ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal), son as áreas E e C. Os obxectivos foron contextualizados en base a estas dúas áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Aulas dixitalizadas: é preciso renovar o equipamento informático da maioría das aulas, pois os ordenadores teñen xa moitos anos e as súas prestacións son reducidas. Este proceso de renovación debería afectar tamén aos encerados dixitais xa que en moitos se fai moi complicada a súa calibración (sobre todo nas aulas de Infantil e primeiros cursos de Primaria, onde están máis danadas), co conseguinte inconveniente á hora de que o alumnado e o profesorado interactúen con el. Situación similar a dos proxectores de vídeo que precisan dunha renovación global pois moitos non proxectan coa nitidez

- precisa para empregalos como instrumento de acceso aos contidos ou procurar unha interactividade.
- A finalidade destas accións , moi necesarias, sería continuar o proceso de dixitalización e de acceso a contidos dentro das aulas. O seu uso deficiente provoca unha frustración constante no profesorado e no alumnado.
 - Ultraportátiles para o emprego por parte do alumnado de infantil e primaria: neste momento o centro non dispón dun carro de carga con ordenadores para o seu emprego. Sería interesante dotar de dous carros, con 23 portátiles de carga cada un, repartidos nas dúas plantas (un carro para o corredor da 1ª planta, accesible ás aulas de 1º 2º e 3º e aula de inglés e PT; e outro carro para o corredor da 2ª planta, ao que poidan acceder o alumnado de 4º, 5º e 6º e aula de música e AL).
 - A finalidade sería permitir o acceso dese alumnado á AV para acceder ás tarefas e aos recursos tal e como se recolle no Obxectivo 1 do Plan de Acción. Así mesmo contribúese á consecución do Obxectivo 2 deste Plan, dotando de recursos dixitais tan necesarios para poder iniciar a tarefa de dixitalización correctamente.
 - Aula de informática e Biblioteca: sería preciso renovar os equipos destes dous espazos, e dotalos dun sistema operativo que facilite a súa xestión, para así poder acceder a contidos e tarefas colaborativas. Deste xeito contribuímos á acadar ambos dos obxectivos presentes neste plan.
 - Portátiles para o profesorado: o profesorado non dispón de equipos portátiles que faciliten o traballo de creación de recursos e materiais para poder empregar na Aula Virtual. Serían precisos 6 equipos destas características, pois o centro dotou xa deste equipo con presuposto de centro, á aula e mestra de música, PT e inglés.
 - Aulas especialidades: sería preciso dotar á aula de música e de inglés de 23 tabletas ou similar, para que o alumnado poida adquirir contidos dixitais específicos destas materias e contribuír aos obxectivos recollidos neste plan (xilófono virtual, creación de partituras, visualización de musicogramas, escoita de audicións...)

"Área/s de mellora": E						
OBXECTIVO 1 (1):	Potenciar o uso da Aula Virtual do centro entre a comunidade educativa en todos os niveis.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, coordinadora TIC, claustro do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas que empregan a AV de xeito habitual.					
Valor de partida (3)	O valor de partida é do 10% das aulas.					
Valor previsto e data (4)	O valor previsto é o 75% das aulas.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reorganización da Aula Virtual do centro seguindo a mesma estrutura en todas as etapas e cursos: vídeos, fotos, actividades, foros, tarefas...	Claustro do centro, equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado de Infantil e Primaria.	Segundo trimestre do curso 2023.	Internet, recursos proporcionados pola Consellaría (ordenadores, Aula Virtual, tablets...)		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun PFP/PT para que o profesorado coñeza as posibilidades da Aula Virtual e seguir unha liña común de traballo.	Claustro do centro, equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado de Infantil e Primaria.	Final do terceiro trimestre do curso 2023.	Internet, formulario de solicitude de ordenadores.		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Organización de sesións formativas para que o alumnado coñeza o funcionamento básico da AV do centro.	Claustro do centro, equipo directivo, coordinadora TIC, profesorado de Infantil e Primaria (profesorado con maior liberación horaria)	Final do primeiro trimestre do curso 2023.	Internet e ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Propoñer ao alumnado de primaria a realización dunha tarefa a entregar en formato dixital nunha área por trimestre.	Profesorado de E.Primaria.	Xuño 2023.	AV corporativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C							
•OBXECTIVO (1):	Iniciar o proceso de actualización e renovación do equipamento TIC do centro.					Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC e Equipo directivo.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos actualizados e renovados.						
Valor de partida (3)	Ningún dispositivo renovado.						
Valor previsto e data (4)	75% dos dispositivos renovados.						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02.1: Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria suficiente, para coordinación TIC.	Equipo directivo. Inspección.	Setembro 2022.	Persoa coordinadora.	Xestionouse liberación horaria para a persoa coordinadora pero esta está baixa.	Realizada	x	
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Persoa coordinadora.	Final do 1º trimestre de 2022.	Persoa coordinadora. Claustro. Parte de incidencias e rexistro de novos equipos.	Pendente da aplicación da consellería.	Realizada		
					Aprazada	x	
					Pendente		
A02.3: Demandar á Administración Educativa a renovación do equipamento obsoleto e a dotación de novos dispositivos precisos para a axeitada implementación do PDC.	Persoa coordinadora e equipo directivo.	Primeiro trimestre do curso 22/23.	Persoa coordinadora, equipo directivo e UAC.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.4: Solicitar a UAC a instalación da maqueta Abalar en todos os ordenadores do centro.	Equipo Directivo.	Primeiro trimestre do curso 22/23.	Equipo directivo e UAC.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan, ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é preciso realizar variacións no plan destas accións durante o curso, para que as propostas poidan materializarse.

Levaranse a cabo dous tipos de avaliación:

- **Avaliación procesual:** unha vez ao trimestre valoraranse o estado da execución das accións planificadas, análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** coa análise destes indicadores, elaboraremos un informe avaliativo final, no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

A avaliación procesual toma como referencia as datas recollidas no Plan de Acción, e farase de acordo ca seguinte temporalización:

TRIMESTRE	ACCIÓN	DATA
Primeiro	A02.1	Setembro
	A02.3	Ao longo do 1º trimestre
	A02.4	Ao longo do 1º trimestre
	A02.2	Finais do 1º trimestre
	A01.3	Finais do 1º trimestre
Segundo	A01.1.	Ao longo do 2º trimestre
Terceiro	A01.2	Finais do 3º trimestre
	A01.4	Xuño 2023

5. Difusión do plan

Para a elaboración e coordinación deste Plan Dixital diferenciamos tres fases ou momentos no desenvolvemento do mesmo:

1ª Fase: análise. Completando e detectando as necesidades, debilidades, fortalezas e oportunidades cunhas accións concretas no centro. Fase en constante evolución.

2ª Fase: Plan de Acción. Cos datos recollidos nesa análise elaboramos un Plan de Acción que poñeremos en práctica no vindeiro curso.

3ª Fase: avaliación. Como base para unha mellora continua, recompilaranse resultados e a avaliación das accións e procesos que se leven a cabo. Co claustro preceptivo de final de curso presentaranse os resultados.

Unha vez aprobado polo claustro e consello escolar, difundirase a través da web do centro para coñecemento de toda a comunidade educativa.

O inicio do curso 22/23 será preciso facer unha presentación do mesmo ao profesorado que chegue novo ao centro así como lembrarlle os seus contidos ao resto do claustro.